



CONCELLO DE REDONDELA

ACTA DA XUNTANZA DO CONSELLO PARROQUIAL DE SAXAMONDE  
1 DE ABRIL DE 2014

ORDE DO DÍA

- 1.- Informar sobre as obras realizadas con cargo aos orzamentos participativos.
- 2.- Informar dos investimentos que se van facer na parroquia.
- 3.- Cronograma dos consellos parroquiais do ano 2014.
- 4.- Varios.

No Centro Cultural Chan das Pipas de Saxamonde, sendo as vinte horas e corenta e cinco minutos do día un de abril de dous mil catorce, logo da convocatoria, reuníronse os seguintes membros :

REPRESENTANTES DOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS

PSOE .- Olga Rodríguez Puga  
AER .- Luísa Cayetano Rodríguez  
BNG .- Xoán Carlos González Campo

REPRESENTANTES DAS ASOCIACIÓNS VECIÑAIS

Ramón Lago Figueroa

REPRESENTANTES DAS ASOCIACIÓNS CULTURAI (Centro Cultural Chan das Pipas)

Paulo Jablonski García  
Concepción Crespo Figueroa

REPRESENTANTES DA COMUNIDADE DE MONTES

Manuel Moldes Senra  
Félix Vila Alonso  
Óscar Manuel Corugeira Rodríguez

REPRESENTANTES DA ASOCIACIÓN DE MULLERES (ARELA)

Rosa Freaza Lago

REPRESENTANTES DA COMUNIDADE DE AUGAS DA BARCOBA

Victoria Otero Otero

REPRESENTANTES DA COMUNIDADE DE AUGAS DA CATALIÑA

Manuel Álvarez Bernárdez



## CONCELLO DE REDONDELA

### REPRESENTANTES DA COMUNIDADE DA AUGAS DE MONTECELO

Marcos Carballido Rivas

### REPRESENTANTES DA COMUNIDADE DE AUGAS DE PADRÓN

Guadalupe Martínez Crespo

Preside a sesión Cándido Vilaboa Figueroa por delegación do Alcalde, que será asistido por min, M<sup>a</sup> Lourdes Fernández Arines, en calidade de Secretaria.

#### 1.- INFORMAR SOBRE AS OBRAS REALIZADAS CON CARGO AOS ORZAMENTOS PARTICIPATIVOS.

Ás vinte horas e corenta e cinco minutos o presidente declara aberta a sesión e toma a palabra para enumerar as obras realizadas con cargo aos orzamentos participativos:

- Colocación de 3 marquesiñas no Camiño do Souto, na estrada N-550. Falta a localización definitiva da 3<sup>a</sup> marquesiña.
- Colocación de 2 lombas no Camiño da Vía.
- Instalación de 6 puntos de luz, 5 no Camiño do Corisco e 1 no Camiño dos Frades.

Olga Rodríguez Puga pide que lle informen por escrito das obras realizadas, pois solicitárono a través do Rexistro do Concello co obxecto de telas antes do consello pero non tiveron resposta.

Paulo Jablonski García pregunta canto custou cada obra ao que Cándido Vilaboa Figueroa responde:

Cada marquesiña tivo un custo de 1.500 €.

As lombas un custo de 6.820 €

E os puntos de luz 2.256,41 €

Olga Rodríguez Puga di que na reunión anterior déuselle prioridade á instalación das marquesiñas e que antes de colocalas ían ter outra reunión para acordar a súa situación, pero esa xuntanza nunca tivo lugar.

Ao cabo disto, Óscar Manuel Corugeira Rodríguez exponlle ao Presidente que a marquesiña solicitada por unha señora para a parada do autobús escolar non se chegou a instalar, ao que Cándido Vilaboa responde que o sitio solicitado non pertence ao concello e terá que estudarse un lugar alternativo.



## CONCELLO DE REDONDELA

### 2 .- INFORMAR DOS INVESTIMENTOS QUE SE VAN FACER NA PARROQUIA.

Cándido Vilaboa Figueroa dá paso ao 2º punto da orde do día e expón o que se vai investir neste ano na parroquia.

Xoán Carlos González pregunta se isto ten que ver cos orzamentos participativos.

Olga Rodríguez Puga di que o que o concelleiro trae será a proposta municipal, pero que pensa que o que se ten que facer debe saír do consenso do consello parroquial.

Cándido Vilaboa Figueroa expón as obras que o concello pretende facer e que son :

- Proxecto de saneamento e asfaltado do Camiño do Souto, enlace con Padrón, cun custo de 53.380,66 €.
- Proxecto de ensanchamento da Ponte da Vía en Casal do Monte.
- Reparación do parque infantil do Centro Cultural.

Con relación á Estrada da Vía, Paulo Jablonski García informa a Cándido Vilaboa de que hai unha varanda solta a punto de caer e que debería arranxarse, e di que se se vai asfaltar esa estrada terá que terse coidado de que co novo asfaltado dita estrada non se converta nunha autopista para os coches, xa que é unha zona onde os veciños van adoitan ir camiñar.

O representante do BNG pregunta quen vai redactar o proxecto do ensanche da Ponte da Vía, ao que Cándido Vilaboa Figueroa responde que o proxecto, en principio, vaino facer ADIF e que despois buscarase financiamento. E en relación co mesmo tema e a pregunta de Olga Rodríguez Puga, Cándido Vilaboa informa que segundo datos de ADIF o mantemento das pontes elevadas correspóndelle ao concello, mentres que o mantemento dos pasos subterráneos correspóndelle a ADIF.

En relación ao arranxo do parque infantil do Centro Cultural, Luísa Cayetano Rodríguez pregunta se na zona de montes o concello pode facer arranxos; Cándido Vilaboa respóndelle que si. Olga Rodríguez dille ao concelleiro que se o concello pode facer arranxos en zonas non dependentes do concello, que aplique a mesma vara de medir e instale puntos de luz ou coloque marquesiñas. Cándido explica que para facer obras que precisen proxectos fan falta os permisos dos donos dos terreos, pero que para facer pequenos arranxos non é preciso.

Olga Rodríguez Puga pregunta cando van saír os orzamentos participativos, ao que Cándido Vilaboa di que aínda non o sabe.

### 3 .-CRONOGRAMA DOS CONSELLOS PARROQUIAIS DE 2014.

Por unanimidade decídese que os consellos parroquiais a celebrar no ano 2014 sexan nos meses de xuño, setembro e novembro, e que se convocarán con 15 días de antelación co obxecto de que as distintas asociacións alí representadas teñan tempo para convocar asembleas cos seus asociados.



## CONCELLO DE REDONDELA

Paulo Jablonski García pregunta se se poden celebrar os mércores.

### 4.-VARIOS

Luísa Cayetano Rodríguez propón que os veciños da parroquia poidan asistir aos consellos parroquiais con voz e sen voto e que as actas de dito consello sexan expostas na web do concello e no centro cultural.

Cándido Vilaboa di que os veciños poderán asistir aos consellos pero sen voz nin voto.

Olga Rodríguez Puga di que se pode estudar que os veciños que non se sintan representados polas asociacións alí presentes poidan expoñer o seu caso ao finalizar o consello.

Paulo Jablonski García e Óscar Corugeira Rodríguez din que están de acordo con publicar as actas na web do Concello e nos centros culturais, pero que se se abren os consellos parroquiais a todos os veciños poderían converterse nunha feira e perderían efectividade; que sería mellor que as distintas asociacións celebraran antes do consello asembleas cos seus socios e levar as propostas ao consello.

Xoán Carlos González Campo está de acordo co exposto polos representantes das asociacións culturais e de montes en relación á publicación das actas e da asistencia do público, e solicita a palabra para expoñer varias cousas :

- O BNG o ano pasado deulle un voto de confianza aos orzamentos participativos pero este ano non teñen pensado apoialos porque na esencia dos orzamentos participativos está que sexan debatidos e acordados cos veciños, feito que non tivo lugar.
- Ten coñecemento de que a Deputación Provincial vai arranxar a estrada provincial 2906 , Camiño do Galleiro, e solicita do concello que lle pida que pinten a estrada e os pasos de peóns.
- O BNG presentou varias emendas aos orzamentos xerais do Estado para a construción dunha rotonda no Alto dos Valos, ao considerar que é unha obra que non pode demorarse por máis tempo. Esta zona constitúe un dos puntos negros da rede viaria onde conflúen 3 concellos, Redondela, Pazos e Mos cunha intersección da estrada N-550 con estradas de ámbito comarcal, e cun elevado número de vehículos, tanto privados coma de gran tonelaxe. Esta moción foi rexeitada por dita administración por iso, e ante a pasividade das administracións, solicita do consello parroquial que elabore un texto de consenso de todos os representantes alí presentes, para levar ao Pleno do Concello de Redondela, para que inste ás diferentes administracións a adoptar medidas para reducir a perigosidade nesta zona e solucionar dito problema.

Olga Rodríguez Puga pregunta a Cándido Vilaboa se o concello fixo algunha xestión en relación a este tema, e o concelleiro di que si.



## CONCELLO DE REDONDELA

O consello parroquial toma o seguinte acordo por unanimidade:

Elaborar un texto base que se enviará a través do correo electrónico ás distintas asociacións alí representadas para que despois de telo estudado sexa levado ao vindeiro consello parroquial para a súa aprobación e solicitar ao concello que o leve ao Pleno municipal.

E non habendo máis temas na orde do día, o Presidente levanta a sesión, sendo as vinte e unha horas e cincuenta minutos da data fixada no encabezamento, en proba de todo o que se estende a presente ACTA, da que coma Secretaria do Consello DOU FE.